- 47.- O Rexistro de Empresas Acreditadas: inscrición de contratistas e subcontratistas.
- 48.- O Rexistro de Empresas Acreditadas: normas xerais sobre os rexistros.
- 49.- O libro de subcontratación.
- 50.- Avaliación económica de proxectos: aspectos xerais.
- 51.- Avaliación económica de proxectos: principais indicadores de avaliación.
- 52.- Valor e prezo. Valoración e taxación. Principios e métodos de valoración: aspectos xerais.
- 53.- Sistemas de información xeográfica: principais características. Ciclo dun SIX. Principais características.
- 54.- Tecnoloxías e procedementos de medición: topografía, teledetección e fotogrametría.

BLOQUE IV:

- 55.- Lei de Ordenación da Edificación. Disposicións xerais. Esixencias técnicas e administrativas.
- 56.- Os axentes que interveñen no proceso de edificación.
- 57.- LOE: Obrigas do promotor, construtor, entidades e laboratorios de control de calidade da edificación, subministradores de produtos, propietarios e usuarios.
- 58.- LOE: Obrigas do proxectista, director e director de execución da obra.
- 59.- LOE: responsabilidades e garantías.
- 60.- Código Técnico da Edificación. Disposicións xerais: obxecto, ámbito de aplicación e contido.
- 61.- Código Técnico da Edificación. Disposicións xerais: Documentos Recoñecidos e Rexistro Xeral.
- 62.- O Real Decreto 1627/1997: Estudo de seguridade e saúde.
- 63.- O Real Decreto 1627/1997: Estudo básico de seguridade e saúde.
- 64.- O Real Decreto 1627/1997: Plan de seguridade e saúde.
- 65.- RD 1627/1997: Principios xerais aplicables ao proxecto e durante a execución da obra.
- 66.- RD 1627/1997: Obrigas do coordinador de seguridade, contratistas, subcontratistas e traballadores autónomos.
- 67.- O recurso preventivo.
- 68.- Desenvolvemento sostible. Economía ambiental e ecolóxica. Concepto de pegada ecolóxica.
- 69.- Os proxectos de obras de abastecemento. Criterios básicos de deseño.
- 70.- Tratamentos de augas potables de consumo público.
- 71.- Os proxectos de obras de saneamento. Criterios básicos de deseño.
- 72.- Tratamentos de depuración de augas residuais. Depuración en pequenas comunidades.

Pazo Provincial.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez

SOLICITUDE - ANEXO I-**PROCESOS SELECTIVOS OFERTA DE EMPREGO-****PERSOAL FUNCIONARIO.****SISTEMA DE PROVISIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.****ACCESO:LIBRE.****COTA:XERAL.**

<u>DATOS DA PRAZA QUE SOLICITA</u>	
<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>Data publicación convocatoria no BOP</u>

<u>DATOS PERSOAIS</u>				
<u>Primeiro apelido</u>	<u>Segundo apelido</u>	<u>Nome</u>		
<u>Enderezo a efectos de notificación (rúa, praza, avenida...)</u>	<u>Número</u>	<u>Andar</u>	<u>Porta</u>	
<u>Localidade (lugar, barrio, parroquia, poboación...)</u>	<u>Concello</u>	<u>Provincia</u>	<u>Pais de residencia</u>	<u>Código postal</u>
<u>Teléfono de contacto (fixo/móbil)</u>	<u>Correo electrónico</u>	<u>DNI</u>		

<u>REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN QUE DEBERÁN APORTAR OS ASPIRANTES COA SOLICITUDE</u>
<u>1 TITULACIÓN ACADÉMICA OFICIAL ESIXIDA NA CONVOCATORIA- Base específica 4 (obligatoria a presentación de copia cotexada).</u>
<u>2 ACREDITACIÓN DO NIVEL DE GALEGO ESIXIDO - Base específica 5.1.4</u>

3 XUSTIFICANTE DO PAGO DA TAXA-Base xeral 7.6.3**Conta bancaria** **Tesouraría** **MÉRITOS QUE DEBERÁN SER ACREDITADOS DOCUMENTALMENTE POLOS ASPIRANTES SEGUNDO SE SINALA NA BASE XERAL 7.6.4 E NA BASE ESPECÍFICA 6.1.****Base específica 6.1.A) EXPERIENCIA PROFESIONAL**

praza / posto / emprego DESEMPEÑADO	ADMINISTRACIÓN, ORGANISMO OU ENTIDADE	TEMPO SERVIZOS	DE

Base específica 6.1.B) FORMACIÓN**-TITULACIÓN ACADÉMICAS OFICIAIS**

-CURSOS E XORNADAS

Nº	Denominación da acción formativa.	Asistencia Aproveitamento Impartición	Nº horas
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			

9			
...			

-PUBLICACIÓN, PROXECTOS, “MASTERES” PROPIOS, CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE, UNIDADES DE COMPETENCIA, ASIGNATURAS DE TITULACIÓN MOI RELEVANTES, ETC.

Nº	Denominación.
1	
2	
3	
4	

-IDIOMA GALEGO

-IDIOMAS COMUNITARIOS OU EXTRACOMUNITARIOS

--

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectifica e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Deputación de Lugo. Ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do <u>procedemento administrativo común</u> .
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<ul style="list-style-type: none"> - Teléfono: 982260000 -Fax: 982180004 - Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org - Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.
-------------------------	--

O/a abaixo asinante

SOLICITA ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia, DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne os requisitos esixidos nas bases, e AUTORIZA o tratamento dos seus datos persoais para os fins sinalados.

Lugo, _____ de _____ de 201.....

Sinatura

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

En virtude da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que proporcione será tratados pola Deputación de Lugo coa única finalidade de tramitar a solicitude. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito á Deputación Provincial de Lugo, calle San Marcos, 8, 27001 LUGO.

R. 0361

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2019, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de decembro 2018 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do 6º bimestre 2018 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o do 11 de febreiro do 2019 ao 12 de abril do 2019. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 30 de xaneiro de 2019. O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0317

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Resolución do Presidente do concello de Monforte de Lemos, de data 28/01/2019, sobre cese e nomeamento de persoal eventual que textualmente di o seguinte:

“En virtude das atribucións conferidas polo artigo 21 da LRBRL, por decreto da Alcaldía Presidencia dispónse:

PRIMEIRO.- Cesar como persoal eventual a Dona Noelia Fernández Salgado, titular do DNI número: 32706610N como Encargada do Gabinete da Alcaldía nomeada dende a data 24 de agosto de 2015, en virtude das atribucións que ó Alcalde e a lexislación vixente en materia de persoal lle confire, e en execución do Acordo Plenario, en Sesión celebrada o día 25 de Xuño de 2015. A retribución que lle corresponda liquidarase o 28 de xaneiro de 2019, inclusive, día tamén da baixa correspondente na Seguridade Social

SEGUNDO.- Nomear a Don Sergio Aller Estévez, titular do DNI núm. 44463245J, como Encargado do Gabinete da Alcaldía nomeado dende a data 29 de xaneiro de 2019, en virtude das atribucións que ó Alcalde e a lexislación vixente en materia de persoal lle confire, e en execución do Acordo Plenario, en Sesión celebrada o día 25 de Xuño de 2015, con efectos dende o 28/01/2019. A retribución que lle corresponda dende o 29 de xaneiro de 2019, inclusive, día tamén da alta correspondente na Seguridade Social

TERCEIRO.- Ó persoal eventual seralle de aplicación conforme ó establecido no artigo 12.5 da Lei 7/2007, o réxime xeral dos funcionarios de carreira e os artigos 89 e 104 da Lei de Bases de Réxime Local, e demais disposicións que o desenvolven.

CUARTO.- O nomeamento e cese do persoal eventual é libre, e efectuarase polo Alcalde. En calquera caso, o persoal eventual cesará automaticamente cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que preste a súa función de confianza ou asesoramento, tal como determina o artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

QUINTO.- A persoa nomeada recibirá as retribucións íntegras asignadas ó posto que pase a ocupar.

SEXTO.- Publíquese no BOP o cese e nomeamento anterior, con especificación de réxime de retribución e dedicación.

Monforte de Lemos, 28 de xaneiro de 2019.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0318

Anuncio

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro do 2019 prestou aprobación o seguinte ACORDO:

ACORDO EN RELACIÓN Ó RÉXIME RETRIBUTIVO DA SITUACION DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Primeiro.- Aprobar para todo o persoal, funcionario ou laboral, ao servizo do Concello de Monforte de Lemos, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social ou a prestación con cargo do Concello (Funcionarios Integrados), alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

Segundo.- Aprobar para todo o persoal, funcionario ou laboral, ao servizo do Concello de Monforte de Lemos, que a forma de xustificación das ausencias por causa de enfermidade ou que dean lugar a unha incapacidade temporal, mediante a esixencia do correspondente parte de baixa ou documentación acreditativa, segundo proceda, desde o primeiro día de ausencia.

Terceiro.- Publicar no «Boletín Oficial da Provincia de Lugo» e producirá efectos dende o día 01/01/2019.

Monforte de Lemos, 28 de xaneiro de 2019.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0319

MONTERROSO

Anuncio

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 27/07/18 acordou aprobar inicialmente a ordenanza reguladora de protección dos camiños municipais en relación coas operacións forestais e outros. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 8 de agosto de 2018. Resoltas as reclamacións presentadas e en consecuencia aprobado definitivamente o texto na sesión ordinaria do Pleno do Concello celebrado o 31/01/19, se transcribe a continuación entrando en vigor no prazo de 15 días hábiles a partir da publicación da mesma no BOP de Lugo.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS FORESTÁIS E OUTROS NO CONCELLO DE MONTERROSO

PREÁMBULO

Os cidadáns/ás, e os seus representantes municipais, son conscientes da necesidade de regular o bo funcionamento da rede de camiños do municipio de Monterroso, pois é necesario evitar a súa deterioración, garantindo a súa conservación, e salvagardando o seu carácter de uso público.

Co propósito de dar resposta á preocupación cidadá nesta materia, créase un instrumento xurídico de aplicación xeral no municipio, en uso da potestade regulamentaria e de autoorganización atribuída aos municipios en virtude do establecido na lexislación de réxime local.

O Concello, consciente da importancia do sector madereiro, pero tamén preocupado polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais, e polo tanto no conxunto da poboación, pretende regular con esta ordenanza os labores de xestión forestal en Monterroso no que atinxa á conservación das vías e así promover unha xestión racional e sustentable dos espazos forestais. E faíno con base nas competencias que posúen os municipios nos ámbitos da prevención e extinción de incendios, o medio ambiente ou o urbanismo, establecidas pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, de administración local de Galicia, entre outras.

Nomeadamente, esta ordenanza pretende acadar a adecuada protección dos recursos naturais e paisaxísticos, así como velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que poden ser obxecto de estragos por causa das operacións de plantación, corta e saca da madeira.

Para levar control das operacións forestais que se desenvolvan, o Concello requirirá a presentación dunha comunicación previa, para informar da realización de actividades extractivas de madeira, e dunha fianza, para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local.

TÍTULO PRELIMINAR.-OBJECTO E FUNDAMENTO

Artigo 1.-Obxecto e fundamento.

1. Consonte ao disposto nos artigos 591 do Código civil e 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello de Monterroso establece a presente ordenanza reguladora das cortas forestais.

2. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da actividade forestal consistente na corta e saca de madeira dentro do termo municipal, para facela compatible coa preservación do medio natural, dos bens municipais e da seguridade viaria. Esta ordenanza afecta aos actos que se desenvolvan e que teñan por obxecto a obtención de madeira e o seu transporte (operacións preparatorias da corta, desprazamentos de vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos de madeira, transporte da madeira etc.). Con isto quérese facer compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal, tan importante no noso Concello, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e coa seguridade viaria.

Artigo 2.-Definicións.

1. Para os efectos de aplicación desta ordenanza considérase como actividade forestal aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

2. Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de Monterroso que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

3. Por empresa madeireira debe entenderse a persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

Artigo 3.-Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Monterroso, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

TÍTULO I.- AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 4.-Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira.

1. Para realizar traballos de corta e saca de madeira en plantacións forestais deste Concello, cun volume estimado superior a 20 metros cúbicos, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de tres días ó comezo das actividades. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foren da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico.

2. O escrito de comunicación previa será asinado pola empresa madeireira, debendo constar nel os seguintes datos:

Datos identificativos empresa madeireira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa).

Especie de madeira obxecto da corta.

Volume de madeira que se prevé extraer.

Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia.

Identificación catastral da finca ou monte afectado (polígono e parcela/s).

Datas previstas de inicio e remate dos traballos.

Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga.

Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente.

Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións.

3. O Concello de Monterroso terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no anexo I.
4. O Concello de Monterroso requirirá á empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento (o mesmo que o de comunicación previa) cando comprobe que a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a comunicación previa.
5. Exceptuase de todo o descrito anteriormente, e, polo tanto, do disposto na presente ordenanza, a realización de cortas para usos propios domésticos, entendendo como tales os que non teñan fins comerciais e teñan un volume máximo de 20 m3.

Artigo 5.-Responsables.

1. A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de Monterroso velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de conservación, limpeza e seguridade.
2. A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira, e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.
3. As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, nomeadamente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, de tomar as medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos. Así mesmo, as persoas propietarias serán responsables directamente por todos os danos e e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte da madeira cando o Concello non teña coñecemento de que no seu termo municipal se está a realizar a corta e saca de madeira por non ter presentado a correspondente comunicación previa prevista nesta Ordenanza.

Artigo 6.-Obrigas.

1. A empresa madeireira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.
2. A empresa madeireira fica obrigada á limpeza e retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.
3. Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ós camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.
4. Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais fiquen ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables ós urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal adecuado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.
5. As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de maneira que minimicen o risco de incendio, dando prioridade ós tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ó ciclo produtivo agroforestal ou ó aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.
6. A empresa madeireira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.
7. Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.
8. A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non asolague e cause danos nas pistas ou camiños municipais.
9. As limpeza ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.
10. Deberán respectarse en todo caso o peso máximo para cada tipo de vía.

Artigo 7.-Fianza ou cota tributaria.

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza (en metálico ou mediante cheque bancario) ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responderen diante dos posibles danos non reparados

voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. Para os efectos desta fianza (que debe ser depositada con anterioridade ao comezo dos traballos) establécense catro categorías:

Volume de corta inferior a 300 metros cúbicos: 500,00 €

Volume de corta entre 300 e 1.000 metros cúbicos: 1.500,00 €

Volume de corta entre 1.000 e 3.000 metros cúbicos: 4.000,00 €

Volume de corta superior a 3.000 metros cúbicos: 6.000,00 €

2. No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar, ao mesmo tempo, cortas en parcelas contiguas, o volume total de madeira extraída desas parcelas deberá sumarse, ós efectos do cálculo da fianza que se lle aplicará.

3. Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completárase nun prazo de 30 días naturais, toda vez que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas ou no dominio público local.

Artigo 8.-Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria.

1. Transcorrido un prazo de sete días dende que se producise a destrución ou deterioro do dominio público viario local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello poderá realizar, con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

2. Se os danos foran dunha contía superior ao da fianza, o Concello elaborará un informe técnico sobre os ditos danos e requiriráse ao responsable da corta para que abone as cantidades resultantes a maiores do establecido na fianza inicial. No caso de non ser atendido o dito requirimento, o Concello resérvase o exercicio das accións legais e fiscais oportunas.

TÍTULO II.-LIMPEZA DE FINCAS E TRABALLOS AGRÍCOLAS

Artigo 9.-Limpeza de fincas e solares extremeiros coa vía pública.

Polo que atinxe a roza da vexetación estarase ao regulado nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis da Lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, deste xeito:

a) É obriga dos propietarios das fincas a realización das tarefas de roza, evitando que a vexetación das fincas da súa propiedade, invada a vía pública, cunetas e pasos de auga.

b) Así mesmo, é obriga dos propietarios de fincas extremeiras coa vía pública, a poda das pólas das árbores que partindo da súa propiedade invadan a vía pública nunha altura inferior de 4,5 metros. No caso de árbores de froita estarase ao disposto no artigo 591 do Código Civil.

c) En caso de incumprimento do establecido nos apartados anteriores deste artigo, o Concello poderá notificar ás persoas responsables as súas obrigas en materia de limpeza de fincas extremeiras coa vía pública. Se no prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á recepción do requirimento, os titulares das fincas non acometen as tarefas de limpeza, o Concello poderá proceder á execución subsidiaria dos citados traballos de limpeza, repercutindo os custos destes traballos nos propietarios da parcela e, todo iso, sen prexuízo de seren comunicado, no caso de que non sexa competencia do concello, á Consellería competente nesta materia para que se inicie o procedemento sancionador que corresponda.

TÍTULO III.-INFRACCIÓN E SANCIÓN

Artigo 10.-Infraccións.

1. Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nesta. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, ademais da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

2. As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

3. Constitúen infraccións moi graves:

-Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de comunicación previa de realización dos traballos forestais, unha vez fose requirido polo Concello.

-Deixar as vías municipais nun estado de sucidade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.

-Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor superior a 6.000,00 €.

-Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

4. Son infraccións graves:

-Non presentar o escrito de comunicación previa, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.

- Deixar as vías municipais en deficiente estado de sicidade, segundo o informe municipal emitido para o caso.
 - Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor inferior a 6.000,00 .
 - Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abriaran para acceso aos terreos forestais.
 - Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.
5. Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

Artigo 11.-Sancións.

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

-Infraccións leves: multa de ata 300,00 .

-Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01 e 1.500,00

-Infraccións moi graves: multa de contía entre 1.500,01 e 3.000,00 .

2. A tramitación do procedemento sancionador, non previsto nesta ordenanza, rexerá pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada.

3. O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

4. As multas e sancións impostas ao amparo da presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50% no caso de seren aboadas no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

5. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se for o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

6. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

7. A resolución do expediente sancionador corresponderá á Alcaldía.

Artigo 12.-Requirimentos.

Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para isto un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non poderá exceder dun mes. Transcorrido este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custos derivados á persoa responsable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

1. A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2. A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

ANEXO I: MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓN DE CORTA E SACA DE MADEIRA

COMUNICACIÓN PREVIA DE CORTA E SACA DE MADEIRA		Selo do rexistro:
DATOS DO MADEIREIRO:		
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL :		
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:		
N.I.F./C.I.F.:	Tfno. de contacto:	
En caso de actuar en representación de alguén, NOME E APELIDOS do representado (acompañar con documento que acredite a representación):		
CONSIGNE OS SEGUINTE DATOS:		
ESPECIE DE MADEIRA OBXECTO DA CORTA:.....		
TONELADAS MÉTRICAS:.....		
NOME DA FINCA/MONTE:		
REFERENCIA CATASTRAL DA FINCA/MONTE:.....		
LUGAR E PARROQUIA DA FINCA/MONTE:.....		
DATAS PREVISTAS DE INICIO E REMATE DOS TRABALLOS:.....		
VEHÍCULOS E MAQUINARIA A EMPREGAR:.....		
.....		

Monterroso, _____ de _____ de _____

Sinatura do madeireiro:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE MONTERROSO.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmoa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados ás bases de datos, das que é responsable o Concello da Pastoriza, coa única finalidade de levar a cabo as funcións e competencias que lle son atribuídas na lexislación vixente. Poderá Vd. exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos facilitados, nos termos establecidos na citada Lei orgánica 15/1999, para o cal deberá dirixirse a este Concello, na seguinte dirección : Praza do Concello, s/n, 27100, Monterroso (Lugo)

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA (MARQUE O QUE CORRESPONDA):

- Plano catastral da finca/monte afectado.
- Fotocopia compulsada do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente, de ser o caso.

- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil
- Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil
- Non posúe ningún seguro de responsabilidade civil
- Fianza ou aval bancario

Monterroso, 1 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 0320

OUTEIRO DE REI

Anuncio

INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, con data de 31 de xaneiro de 2019, iniciouse expediente de investigación para determinar a titularidade e existencia do tramo de camino que conectaría o camiño catastrado coma Polígono 41 Parcela 9012 co camino catastrado como Polígono 41

Parcela 9011, de xeito que, arrancando da parcela 9001 do polígono 41, discurriría entre as parcelas 87 e 225 para, no vértice do linde entre a parcela 87 e 88, facer un xiro de 90 % ao norte, prolongándose aproximadamente 30ml. Até conectar co camiño catastrado como polígono 41 parcela 9012

De conformidade co disposto no artigo 50 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, os afectados polo expediente de investigación diporán dun prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o da presente publicación, para alegar canto estimen conveniente en defensa dos seus dereitos ou intereses, debendo aportar perante o Concello, a tal fin, a totalidade da documentación representativa dos mesmos.

Outeiro de Rei, 31 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0321

PANTÓN

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 22 de xaneiro de 2019, prestou aprobación os seguintes Padróns, correspondentes ó sexto bimestre do ano 2018:

- Padrón da taxa por abastecemento de auga e I.V:E. sobre o seu consumo.
- Padrón da taxa por recollida do lixo.
- Padrón da taxa de alcantarillado.
- Canon de auga
- Padrón taxa de recollida do lixo rural, 2º semestre de 2018.
- Padrón polataxa de axuda no fogar, mes decembro 2018.

Por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago das taxas antes indicadas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra os mesmos

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, na súa modificación dada polo Real Decreto 448/1995, de 24 de marzo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario para os Padróns citados, o comprendido entre os días 15 de febreiro de 2019 e o 14 de abril de 2019, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estesseroanlles cargados nas contas bancarias respectivas, para ditos Padróns o día 15 de marzo de 2019, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina o devengo do recargo de apremio, xuros de demora e custos que se produzan, de acordo co establecido no artigo 127 da Lei Tributaria, redactado conforme á Lei 25/1995, de 20 de xullo, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 124 da Lei Xeral Tributaria.

Pantón, 25 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, JOSE LUIS ALVAREZ BLANCO.

R. 0322

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de xaneiro de 2019, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2018, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 29 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0323

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 25 de xaneiro de 2019, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 4º TRIMESTRE DE 2018.**

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

ANUNCIO DE COBRANZA.

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de marzo de 2019 ó día 30 de abril de 2019, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO PASTOR**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

CANON DA AUGA: A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

Ribeira de Piquín, 29 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0324

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000155/2018 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D/Dª YARUSKA AZAHARES CAJIGAL, contra “**MONET 2000, S. L.**”, “**BÁSICO DE MÖNET BDM, S. L.**”, y “**CARLANCA IBÉRICA, S.L.U.**”, sobre DESPIDO, se ha dictado resolución, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

“Declárase extinguida a relación laboral que unía a DOÑA YARUSKA AZAHARES CAJIGAL, coa empresa “**MONET 2000, S. L.**”, “**BÁSICO DE MÖNET BDM, S. L.**”, y “**CARLANCA IBÉRICA, S.L.U.**”, condenando a ésta a que abone a aquel/a ás cantidades seguintes:- **NOME TRABALLADOR: DOÑA YARUSKA AZAHARES CAJIGAL.- INDEMNIZACIÓN: 5.871,44 €.- SALARIOS: 11.658,16 €.- MODO DE IMPUGNACIÓN:** Mediante recurso de reposición a presentar dentro dos TRES DÍAS hábiles seguintes ao da súa notificación, previa consignación de 25 EUROS na contad este xulgado 2324000030015518, coas excepcións previstas na Disposición Adicional decimoquinta da Lei Orgánica 1/2009 de 3 de novembro. A súa interposición non suspenderá a execución do que se acorda. (Art. 184.1 da LPL).- Así o acorda e asina a S.Sª. Dou fe.- **A MAXISTRADA,- A LETRADA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA,**”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a "CARLANCA IBÉRICA, S. L. U.", en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, a treinta de enero de dos mil diecinueve.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA,**

R. 0325

Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ANGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrada de la Administración de Justicia y por sustitución del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento de **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 104/2018** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **DOÑA MERCEDES HORTAS CAMPOS** contra la **EMP. “RÚA REAL, S.L.”**, sobre DESPIDO, se ha dictado DECRETO el 30-01-2018, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

“**ACUERDO EL EMBARGO Y RETENCIÓN** de los saldos existentes a favor de la empresa ejecutada “**RÚA REAL, S.L.**” en entidades que figuran en el informe de averiguación patrimonial integral obtenido, y ello en cuanto sea suficiente para cubrir la suma de las cantidades reclamadas y que asciende a **14.862,21 EUROS, en concepto de principal, más 2.972,44 EUROS presupuestados prudencialmente para intereses y costas de ejecución.** A tal efecto, se da la oportuna orden a través de la correspondiente aplicación informática.

Notifíquese esta resolución a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante **recurso de reposición** a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo manda y firma Doña María Ángeles López Carballo, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe.”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a EMP. “RÚA REAL, S.L.”, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, treinta de enero de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0327

Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 102/2018 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DON JAMAL EL RHAZAOUANI contra la EMPRESA "LA HABANA EN GALICIA, C.B." y a DON JORGE ABRAHAM TORRES, sobre DESPIDO, se ha dictado DECRETO de fecha 30/01/2019 cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

"ACUERDO EL EMBARGO Y RETENCIÓN de los saldos existentes a favor de la empresa ejecutada "LA HABANA EN GALICIA, C.B." en entidades que figuran en el informe de averiguación patrimonial integral obtenido, y ello en cuanto sea suficiente para cubrir la suma de las cantidades reclamadas y que asciende a **15.137,02 EUROS más el 10% de interés sobre la cantidad de 2.362,88 EUROS, en concepto de principal, más 3.027,40 EUROS presupuestados prudencialmente para intereses y costas de ejecución.** A tal efecto, se da la oportuna orden a través de la correspondiente aplicación informática.

Notifíquese esta resolución a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante **recurso de reposición** a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo manda y firma Doña María Ángeles López Carballo, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe."

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a la EMPRESA "LA HABANA EN GALICIA, C.B." y a **DON JORGE ABRAHAM TORRES**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, treinta de enero de dos mil diecinueve.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0328

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) RIBADEO

Anuncio

BASES SUBVENCIONES A.R.I RIBADEO Y RINLO

BDNS (Identif.): 437530

APERTURA DE PRAZO DE CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO CONCELLO DE RIBADEO PARA AS AREAS DE REHABILITACION DE RIBADEO E RINLO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da lei 38/2003, de 17 de novembro, publícase o texto íntegro da convocatoria, cuxo texto íntegro completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>).

Aprobadas polo Pleno Municipal en sesión celebrada o día 22 de xaneiro de 2019 as bases reguladoras da convocatoria polo sistema de concorrencia competitiva de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbanas do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo, plan Estatal de Vivenda 2018/2021. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, co seguinte tenor:

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA POLO SISTEMA DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE RIBADEO E DO NÚCLEO DE RINLO, PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018/2021. PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL.

En desenvolvemento dos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo, asinados entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (o IGVS) e o Concello de Ribadeo ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2018 - 2021, programa de fomento e da rexeneración e renovación urbana e rural para o financiamento das distintas ARRUs declaradas no termo municipal e en relación ao papel xestor do Concello de Ribadeo para a execución do Plan, e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas nestes acordos, regúlanse nestas bases os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas sitas nas ARRUs existentes.

ARTIGO 1. OBXECTO.

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo, con cargo aos convenios asinados polo Concello para tal obxecto, no marco do Plan Estatal de Vivenda 2018 - 2021.

A convocatoria realízase polo disposto nos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva, segundo os criterios de selección dispostos no artigo 15 da convocatoria.

ARTIGO 2. ÁMBITO.

RIBADEO:

As vivendas e edificios de vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadeo, que coincide coa área definida na memoria-programa da Área de Rehabilitación elaborada pola empresa IDASA e de conformidade co acordo plenario de 10 de maio de 1.999 e aprobada a dita declaración da área de rehabilitación do casco histórico da vila de Ribadeo delimitado no plano anexo á resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

RINLO:

As vivendas e edificios de vivendas da Área de Rehabilitación do Núcleo de Rinlo, concello de Ribadeo, que coincide coa área definida na memoria-programa elaborada polo Concello de Ribadeo e aprobada e declarada pola Xunta de Galicia o día 16 de marzo de 2009.

ARTIGO 3. BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios das axudas os que asuman a responsabilidade da execución integral das Áreas de rexeneración e renovación urbana das Áreas de Rehabilitación Integral delimitadas pola actuación.

As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo e no artigo décimo sexto da Resolución do 3 de agosto 2018 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Non poderán ser beneficiarias deste programa os que se beneficiasen das axudas dos programas de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas e do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Plan estatal de vivenda 2018-2021, do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario/a das subvencións, os que incorran en:

Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12 /1995 de 11 de maio, de incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.

Non acharse ao corrente de pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á seguridade social impostas polas disposicións vixentes e da facenda local.

Ser sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións segundo a Lei Xeral Tributaria.

As persoas interesadas ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que cada concello estableza na convocatoria demais normativa reguladora.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

Non existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta das subvencións concedidas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

ARTIGO 4. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

Ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as que se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.

Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou da persoa arrendataria, no suposto de que se destinen ao alugamento, por un prazo non inferior a 5 anos, de conformidade co artigo 7 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, e o artigo 31.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para o caso de recibir as axudas autonómicas.

Comunicar ao concello calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

Someterse ás actuacións de comprobación e inspección do Instituto Galego da Vivenda e Solo e do Concello de Ribadeo consideren pertinentes durante a execución da actuación e a vixencia da subvención, e facilitar os datos que se requiran.

Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo Concello o IGVS.

Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos mentres o poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

As ademais que deriven da Resolución do 3 de agosto de 2018 e do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Cubrir os datos necesarios para a tramitación da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado.

As demais obrigas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 do decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presentes bases.

Acreditar con anterioridade á resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais a partir da data da solicitude da subvención.

ARTIGO 5. CONDICIÓNS DOS INMOBLES.

Cumprir coas condicións mínimas de habitabilidade, ou no caso de non cumprilas na actualidade, acadalas coa realización das obras para as cales se solicita a subvención..

Ter algunha fachada con iluminación e ventilación natural.

Que estea incluído dentro da “Área de Rehabilitación”.

Non atoparse suxeitas a limitacións que impidan o uso previsto, nin estar cualificadas como fora de ordenación urbanística. Cando a solicitude teña como fin último o decoro do entorno inmediato, mellorar a imaxe do conxunto, e non incremente o valor do edificio ou o consolide, pódese obvia-lo fora de ordenación urbanística, aos efectos de solicitude desta subvención.

Presentar unha organización espacial e unhas características construtivas que garantan a posibilidade de acadar unhas adecuadas condicións de habitabilidade das vivendas de acordo coas condicións mínimas de habitabilidade legalmente establecidas, excepto imposibilidade física certificada polo Concello a través do órgano competente.

Os edificios deberán contar como mínimo cun 70 % da súa edificabilidade sobre rasante destinada a uso residencial de vivenda.

Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade das redes de abastecemento e saneamento, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

ARTIGO 6. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES.

De acordo co disposto polo artigo 51 do Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, son actuacións subvencionables:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

Todas as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, se é o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou á memoria elaborada para a súa execución.

As actuacións protexibles incluírán, aos efectos de determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

O custo subvencionable das obras, incluíndo os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción do proxecto, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios sinalados no punto anterior non poderán superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da Construción de Galicia 2017 ou normativa que a substitúa.

Poderanse acoller ás axudas as actuacións que contén con licenza de obra concedida antes da entrada en vigor destas bases, non tendo as actuacións iniciadas con anterioridade á presentación e resolución da solicitude de subvención, e que cumpran os requisitos esixidos nestas bases.

Non se protexerán aquelas partes dos orzamentos das obras cuxa finalidade sexa puramente decorativa ou suntuaria.

ARTIGO 7. ORZAMENTO PROTEXIDO.

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total subvencionable de todas as actuacións segundo o previsto no artigo 51 do Real Decreto 106/2018, incluíndo os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción dos proxectos, direccións técnicas ou facultativas, os informe técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa, que non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan, os cales se determinarán de conformidade coa derradeira edición publicada da Base de prezos da Construción de Galicia 2017 ou normativa que a substitúa. Non formarán parte daquel ningún tipo de taxas, impostos e tributos.

Só se considerarán actuacións protexibles aquelas que contén cun orzamento protexible mínimo por vivenda rehabilitada ou que participe nos custos de rehabilitación dun edificio de 3.000,00 €.

ARTIGO 8. CONTÍAS DAS SUBVENCÍONS.

A contía máxima das axudas contidas no Real Decreto 108/2016 non poderá exceder de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación (sen IVE).

Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75% se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existan persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

Calculo do IPREM: partírase das contías da base impositiva xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49 respectivamente, da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, correspondente á declaración ou declaracións presentadas polo solicitante ou por cada uno dos membros da unidade de convivencia, relativa ao último período impositivo co prazo de presentación vencido.

Axuda Estatal:

A contía máxima de determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias e a superficie construída de local comercial ou outros usos establecidas a continuación:

1.- Para obras de eficiencia enerxética que obteñan unha redución da demanda de ao menos de 25%:

- Doce mil euros por vivenda (12.000,00 € / vivenda) obxecto de rehabilitación, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía colectiva. No caso de edificios, incrementarase esta contía en 120,00 € por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos.

Ademais, poderá incrementarse en 1.000,00 € por vivenda e 10,00 € por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

2.- Para as demais obras subvencionables en edificios e vivendas:

- Oito mil euros por vivenda (8.000,00 € / vivenda) obxecto de rehabilitación. No caso de edificios, incrementarase esta contía en 120,00 € por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos.

Ademais, poderá incrementarse en 1.000,00 € por vivenda e 10,00 € por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

Axuda Autonómica:

Ademais poderase obter a seguinte contía adicional no caso de que se cumpran os requisitos do artigo 4, apartado b) desta convocatoria para as axudas autonómicas:

- Ata catro mil euros por vivenda (4.000,00 € / vivenda) obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder do 10% do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

ARTIGO 9. TRIBUTOS MUNICIPAIS.

As obras non estarán exentas de licenza, pero sí poderán acollerse ás bonificacións e deducións previstas na Ordenanza vixente reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por tramitación de licenzas urbanísticas.

Establécense unhas bonificacións respecto do punto anterior do 25, 40 e 55%, en función dos ingresos da unidade de convivencia, correspondente á declaración presentadas por cada persoa da unidade familiar relativas ao derradeiro período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da presentación da solicitude, tendo en conta como límite de orzamento de execución material para estes cálculos de 21.000,00 €".

Para ingresos inferiores a 1,5 veces IPREM, a porcentaxe para o cálculo será o 55 %.

Para ingresos comprendidos entre 1,5 e inferiores a 3,5 veces IPREM a porcentaxe para o cálculo será o 40 %.

Para ingresos entre 3,5 e inferiores a 6,5 veces IPREM, a porcentaxe para o cálculo será o 25 %.

ARTIGO 10. COMPATIBILIDADE.

Segundo o artigo décimo noveno da Resolución 3 de agosto 2018:

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas non supere o custo total da actuación concreta.

Non poderán ser beneficiarias deste programa as persoas beneficiarias das axudas dos programas de fomento de mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade en vivenda, do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo do Plan estatal 2018-2021.

ARTIGO 11. PROCEDIMENTO E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado ANEXO I, no rexistro do Concello de Ribadeo, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de seis meses a partir do día seguinte á publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ARTIGO 12. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

1. Con carácter xeral xunto coa solicitude, ANEXO I, deberán presentar a seguinte documentación xenérica cotexada:

Se o promotor/a é unha persoa física:

Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante, e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.

Documentación xustificativa da titularidade do edificio ou vivenda, nota simple do rexistro da propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificación de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.

Ingresos da unidade familiar de todos os propietarios ou herdeiros, relativas ao derradeiro período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da presentación da solicitude. Non caso de non estar obrigado á presentación da declaración, deberá presentar certificado de de imputacións de I.R.P.F., declaración responsable de ingresos.

Se o promotor/a é unha persoa xurídica:

CIF da persoa xurídica e DNI do seu representante.

Documento acreditativo da constitución da sociedade.

Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación.

Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios, presentará ademais:

CIF da Comunidade e do seu Presidente.

Documento acreditativo da constitución da comunidade.

Documento acreditativo da representación coa que se actúe.

Xustificación da titularidade do edificio (inscrición no Rexistro da Propiedade).

Acta ou certificado da xunta de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.

Certificación na que se relacionen todas as persoas integrantes da comunidade, co NIF de cada unha, número de vivendas e locais, referencias catastrais e porcentaxe de participación.

2. ANEXO II, de ter a condición de beneficiario, no que realizarán as seguintes declaracións:

Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida.

Que todos os datos da solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da lei xeral de subvencións.

Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para o obtención das axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.

Que coñeza e acepto as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.

Que cumpro re reúne todos os requisitos e obrigas da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para ter a condición de beneficiario.

3. ANEXO III:

Declaración responsable das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

Cando a actuación sexa promovida pola comunidade de propietarios esta declaración deberá ser asinada por todas as persoas propietarias de vivendas integrantes da comunidade.

4. ANEXO IV:

Declaración responsable de que a vivenda se destinará a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou persoa inquilina, no suposto de que se destine ao alugamento, por un prazo non inferior a cinco anos, de conformidade co artigo 24 da Orde do 3 de agosto de 2018.

Cando a actuación sexa promovida pola comunidade de propietarios esta declaración deberá ser asinada por todas as persoas propietarias de vivendas integrantes da comunidade.

5. CERTIFICACIONES:

Certificacións de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a administración local, no caso de denegar a súa consulta.

Cando a actuación sexa promovida pola comunidade de propietarios deberanse achegar tamén as certificacións anteriores da persoa propietaria de cada vivenda integrante da comunidade, no caso de denegar a súa consulta.

6. Documentación das obras e do edificio:

Proxecto técnico ou memoria no que se describan as obras a executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo. O proxecto técnico ou memoria deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.

Licenza, comunicación previa e/ou autorización necesarias para a execución das obras.

No caso de solicitar axudas por obras de mellora da eficiencia enerxética, será necesario aportar o certificado calculado mediante programas informáticos recoñecidos polos Ministerios de Fomento e Enerxía e Turismo e Axencia Dixital (que se atopan no rexistro xeral de documentos recoñecidos para a certificación da eficiencia enerxéticas dos edificios) do estado previo e xustificar a mellora obtida que deberá ser ao menos unha redución da demanda enerxética anual global do 25%.

Achegarse copia de, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, no suposto de que o importe do custo que se vai executar supere os límites económicos do contrato menor de obra ou servizos segundo a lexislación de contratos do sector público.

7. Outra documentación:

Para xustificar ingresos inferiores a 3 veces o IPREM, deberá aportar ingresos da unidade de convivencia residentes, relativas ao derradeiro período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da presentación da solicitude. Non caso de non estar obrigado á presentación da declaración, deberá presentar certificado de de imputacións de I.R.P.F., declaración responsable de ingresos.

Certificado de discapacidade dos residentes da vivenda, de selo caso, cando se acometan obras para a mellora da accesibilidade.

Documento que permita a comprobación de ser maior de 65 anos dos residentes da vivenda, de selo caso, cando se acometan obras para a mellora da accesibilidade.

Orzamentos que contemplan gastos de xestión conforme ao disposto no artigo 6 destas bases.

Outros documentos que, se é o caso, o Concello considere necesarios para ditar resolución.

ARTIGO 13. AUTORIZACIÓNS.

A presentación da solicitude de subvención polo interesado levará aparellada a autorización ao Concello de Ribadeo para que en calquera momento da tramitación do expediente e ata o remate do mesmo poida:

Solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, así como a certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite atoparse ao días nas súas obrigas co Concello. No

caso de comunidade de propietarios, esta autorización esténdese á autorización individual de cada propietario da súa parte privativa no inmovible afectado.

Consultar os datos de residencia/empadramento tanto do solicitante da subvención como do resto de membros da unidade de convivencia. No caso de comunidade de propietarios, esta autorización esténdese a autorización individual de cada propietario da súa parte privativa no inmovible afectado.

No suposto de imposibilidade de obter algún documento, o Concello poderá requirir á persoa solicitante a súa achega.

Non entanto, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Así mesmo, a presentación da solicitude de subvención implica a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

ARTIGO 14. AVALIACION DAS SOLICITUDES.

a) Avaliación das solicitudes:

O órgano competente para a concesión de subvencións será o Alcalde e por delegación, a Xunta de Goberno Local. Será perceptivo informe previo do servizo de Intervención sobre a existencia de crédito dispoñible, adecuado e suficiente así como o de fiscalización previa do gasto.

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, presentadas as solicitudes, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos a resolver no prazo de 10 días para a súa corrección, de acordo co establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para completar ou aclarar a documentación recibida, as solicitudes serán avaliadas por unha comisión de Valoración constituída, segundo as previsións do artigo 22 da Lei de Subvencións de Galicia a modo de órgano instrutor, da seguinte forma:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo ou concelleiro en quen delegue ou o substitúa legalmente.

VOGAIS: O persoal da Oficina Municipal de Rehabilitación.

SECRETARIO: Exercerá como secretario da comisión o da Corporación ou funcionario en quen delegue ou o substitúa.

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Pola Comisión de Valoración, elaborárase unha proposta de beneficiarios/as seleccionados, así como unha lista de reserva, de selo caso, para a súa resolución polo Órgano competente, denegándose as solicitudes que non cumpran os requisitos.

Toda alteración das condicións que se teñan en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O acordo que outorga ou denega a subvención será notificado os solicitantes. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención.

A Oficina Municipal de Rehabilitación realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

b) Cualificación provisional

Unha vez resolta a proposta de beneficiarios, remitirase á Área Provincial do IGVS en Lugo, para obter a cualificación provisional.

A proposta de cualificación provisional conterà a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución das actuacións. A esta proposta deberá xuntarse unha certificación municipal do cumprimento dos requisitos exixidos do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, referida tanto ás actuacións, aos edificios, ás vivendas como así como as ás persoas ou entidades beneficiarias.

c) Cualificación Definitiva

Unha vez rematadas as obras e comunicado oficialmente por parte da persoa beneficiaria ao Concello, a Oficina Municipal de Ribadeo realizará as seguintes comprobacións:

Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e de acordo coa cualificación provisional.

Que para a súa execución se contan con todas as autorizacións necesarias.

Que o pagamento efectivo das facturas e os documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións foron realizados polas persoas ou polas entidades beneficiarias que figuraban na resolución de cualificación provisional.

O Concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa ou entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se vai aboar. A esta proposta de cualificación definitiva que se remitirá Area Provincial do IGVS, deberá xuntarse unha certificación do Concello do cumprimento dos requisitos establecidos no Real Decreto 108/2018, do 9 de marzo, na Resolución do 3 de agosto de 2018 e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto á actuación como ás persoas ou entidades beneficiarias.

Serán causas da denegación da cualificación definitiva as seguintes:

Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución da cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.

Non executar as obras de conformidade coa licencia de obra ou comunicación previa e autorizacións sectoriais ou non cumprir as condicións impostas por elas.

incumprimento do prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.

incumprimento por parte da persoa ou entidade promotora de calquera dos requisitos previstos no RD 106/2018, de 9 de marzo, na Resolución do 3 de agosto de 2018 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no correspondente acordo específico e nesta convocatoria, para obter a condición de persoa beneficiaria.

ARTIGO 15. CRITERIOS DA SELECCIÓN DAS AXUDAS.

O Concello, en función da dispoñibilidade de orzamento, do número máximo de axudas que se poidan conceder e da preferencia das solicitudes, seleccionará as actuacións subvencionadas.

O Concello aprobará unha selección de solicitudes candidatas a seren subvencionadas en función das seguintes consideracións: mellora das condicións de habitabilidade e accesibilidade das vivendas, presenza significativa da unidade de edificación no espazo público, condición socio económica dos beneficiarios e medidas de aforro enerxético, de acordo co seguinte baremo:

1.- SE O SOLICITANTE E UNHA PERSOA FISICA OU XURIDICA.

Mellora das condicións de habitabilidade e accesibilidade das vivendas e edificios (0-3 puntos): son aquelas intervencións que melloran considerablemente as condicións de habitabilidade e accesibilidade, para alcanzar ou aproximarse ás establecidas no decreto 29/2010 Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.

Presenza significativa da unidade de edificación no espazo público: (0-3 puntos): valórase a capacidade de mellora da imaxe urbana e así fomentar a recuperación dos edificios do contorno.

Por razón socio económica, (0-3 puntos):

3 puntos: rentas inferiores a 1,5 veces o IPREM.

2 puntos: rentas entre 1,5 e inferiores a 3,5 veces o IPREM.

1 punto: rentas entre 3,5 e inferiores a 6,5 veces o IPREM.

0 puntos: rentas superiores a 6,5 veces o IPREM.

Por adopción de medidas de aforro enerxético: (0-3 puntos):

3 puntos: aforro enerxético en iluminación eléctrica e térmica.

2 puntos: eficiencia enerxética de enerxía térmica.

1 punto: eficiencia enerxética de enerxía eléctrica.

0 puntos: ausencia de adopción de medidas de aforro enerxético.

A puntuación final de cada solicitude será a resultante de dividir o sumatorio dos puntos obtidos entre o número de criterios de valoración, neste catro 4, tendo en conta ata catro cifras decimais.

2.- SE O SOLICITANTE E UNHA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.

Mellora das condicións de habitabilidade e accesibilidade das vivendas e edificios (0-3 puntos): son aquelas intervencións que melloran considerablemente as condicións de habitabilidade e accesibilidade, para alcanzar ou aproximarse ás establecidas no decreto 29/2010 Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.

Presenza significativa da unidade de edificación no espazo público: (0-3 puntos): Valorase a capacidade de mellora da imaxe urbana e así fomentar a recuperación dos edificios do contorno.

Por adopción de medidas de aforro enerxético: (0-3 puntos):

3 puntos: aforro enerxético en iluminación eléctrica e térmica.

2 puntos: eficiencia enerxética de enerxía térmica.

1 punto: eficiencia enerxética de enerxía eléctrica.

0 puntos: ausencia de medidas de aforro enerxético.

A puntuación final de cada solicitude será a resultante de dividir o sumatorio dos puntos obtidos entre o número de criterios de valoración, neste caso 3, tendo en conta ata catro cifras decimais.

Aos efectos desta selección consideraranse as intervencións exclusivamente en elementos comúns do edificio como unha única solicitude e a súa puntuación será referida ao edificio e non as unidades de vivenda que o compoñen, computándose tantas actuacións como o seu número de vivendas rehabilitadas.

En caso de empate terán preferencia aquelas que presenten a documentación completa esixible segundo as bases con máis antelación no tempo; e no caso de solicitudes que completaran a documentación ao mesmo tempo, terán preferencia as que temporalmente se presenten antes no rexistro municipal.

ARTIGO 16. XESTIÓN DAS OBRAS.

A.- XESTIÓN DA OBRA.

As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras ou autorización administrativa oportuna nas que se faga constar a descrición de todas as obras a executar, que deberá ser solicitada polo interesado.

Os/As solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

B.- INICIO DAS OBRAS.

O solicitante promotor das obras deberá comunicar previamente e de xeito oficial á Oficina Municipal de Rehabilitación a data do inicio das obras, segundo o ANEXO V.

C.- REALIZACION DAS OBRAS.

As obras obxecto das axudas, axustaranse ao convido no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión licencia de obras correspondente.

O técnico da Oficina de Rehabilitación poderá supervisar a execución das obras, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas polo IGVS, previo informe favorable da Oficina de Rehabilitación e que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza urbanística.

As obras deberán realizar no prazo máximo concedido no documento de cualificación provisional emitido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e en todo caso este prazo rematará o 15 de novembro de 2021, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as comprobacións correspondentes.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados.

D.- REMATE DAS OBRAS

Rematadas as obras, o prazo para comunicar oficialmente ao Concello o remate das mesmas, e xunto con esta comunicación presentar a documentación para a súa xustificación, remata o 15 de novembro de 2021, segundo o ANEXO VI.

A documentación a presentar é a seguinte:

Certificado fin de obra asinado polo técnico redactor do proxecto, de selo caso.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa das actuacións realizadas, sendo imprescindible que como mínimo representen a contía de todas as subvencións declaradas. As facturas e recibos de pago, deberán reunir os seguintes requisitos:

O beneficiario/a da subvención deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.

Ser orixinais ou copias debidamente compulsadas.

Ter referencia de gastos xerados obxecto da subvención.

As facturas deberán estar pagadas pola persoa beneficiaria que figura na cualificación provisional.

Cumprir cos requisitos técnicos esixidos polas leis e regulamentos que establecen as características das facturas e o seu contido, entre outros:

Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.

Desglose do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá constar expresamente na factura.

Nome do beneficiario da subvención.

Enderezo da actuación e descrición detalladas das obras levadas a cabo obxecto da subvención.

Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.

Os pagos deberán de acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pago.

ARTIGO 17. ACREDITACION DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 24 DA ORDE DO 3 DE AGOSTO DE 2018. DESTINO DA VIVENDA.

Recibida no Concello a cualificación definitiva emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e unha vez que o Concello lle de traslado desta cualificación definitiva ao beneficiario da subvención, disporá dun prazo de 10 días para presentar a seguinte documentación:

Certificado de empadramento (no caso de denegar a súa consulta) e documento que faga fe acreditando que a vivenda se vai destinar a domicilio habitual e permanente do promotor por un prazo non inferior a cinco anos.

No caso de destinar a vivenda a alugamento, contrato de aluguer coa duración establecida, documento que faga fe acreditando que a vivenda se vai destinar a domicilio habitual e permanente do inquilino por un prazo non inferior a cinco anos e certificado de empadramento da persoa/s inquilina/s.

Este prazo computarase desde a data de notificación da cualificación definitiva, cando se trate de uso propio, ou desde a data de sinatura do contrato de alugamento, para os casos en que se destine a esta finalidade. Tendo en conta que o contrato debe estar comprendido entre o o día seguinte ao da cualificación definitiva e da data de resolución de concesión ou pagamento da axuda.

Cando a actuación sexa promovida pola comunidade de propietarios este cumprimento afecta a todas as persoas propietarias de vivendas integrantes da comunidade.

ARTIGO 18. PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS.

A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2018-2021.

Unha vez transferidos os fondos ao Concello, e con carácter previo ao pagamento das subvencións concedidas, todas as persoas beneficiarias deberán presentar no prazo concedido a tal fin, de selo caso, a seguinte documentación:

Declaración responsable das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, Xeral de Subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de Subvencións de Galicia, e de non ter pendente de xustificación subvencións anteriores co Concello de Ribadeo.

Certificacións acreditativas de atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa administración, incluído o Concello de Ribadeo, así como coa seguridade social, no caso de denegar a súa consulta.

Certificación de entidade bancaria onde figure o beneficiario como titular e o seu número de conta.

O Concello aboará as correspondentes subvencións aos/ás promotores/as que resulten persoas beneficiarias e xustificarán perante o IGVS os pagamentos realizados, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento e da Comunidade Autónoma, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

ARTIGO 19. DENEGACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS.

Non reunir as condicións esixidas nestas bases, relativas ao solicitante ou ao inmovible a rehabilitar.

Sen prexuízo da posible incompatibilidade que legalmente fose aplicable en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Segundo o artigo 25, da Orde do 3 de agosto de 2018, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por

outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Consonte o artigo 26, da Orde do 3 de agosto de 2018:

Incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, que comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

A non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación substancial das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda

Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, as seguintes:

Incorrer en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda.

Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.

A non adaptación ao planeamento urbanístico en vigor

Incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.

A execución de obras non aprobadas pola Oficina de Rehabilitación que non estén contempladas non proxecto e non contén con autorización do IGVS nin amparadas pola licenza municipal de obras expedida.

A incorrecta ou non execución das obras de rehabilitación aprobadas pola Oficina de Rehabilitación.

A non adaptación aos criterios da oficina.

Impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

Iniciar as obras sen dar conta á oficina de Rehabilitación.

Calquera outra que establezan as normativas vixentes.

ARTIGO 20. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

Real Decreto 106/2018, do 10 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de vivenda 2018-2021

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

Os acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de outubro do 2018, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo.

Ordenanza de inspección técnica de edificacións adaptada á vixente lexislación en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

Lei 39/2010 do 1 de outubro do procedemento administrativo común e das administracións públicas.

Calquera outra normativa vixente que resulta de aplicación.

CLAUSULA DERROGATORIA ÚNICA.

Quedan derogadas as bases da convocatoria polo sistema de concorrencia competitiva de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do casco histórico da vila de Ribadeo e do núcleo de Rinlo, Prórroga do Plan Estatal 2013/2016, Programa de rexeneración e renovación urbanas, aprobadas en sesión plenaria ordinaria o día 19 de decembro de 2017 publicadas o 27 de decembro de 2017 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 295.

CLAUSULA FINAL.

Estas bases reguladoras entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e manteranse vixentes ata que o Pleno municipal acorde a súa modificación ou derogación.

O que se fai público comunicándose que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción

Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Nembargantes poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso postestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA ACTUACIONES NAS AREAS DE REXENERACION E RENOVACION URBANAS DO CASCO HISTORICO DA VILA DE RIBADEO E DO NUCLEO DE RINLO. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. CONVENIOS DO 26/10/2018.

DATOS DO SOLICITANTE		
Nome:	DNI/CIF:	
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Concello:
Teléfono:	C. electrónico:	

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome:	DNI/CIF:	
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Concello:
Teléfono:	C. electrónico:	

DATOS DO/A EDIFICIO/VIVENDA A REHABILITAR		
Enderezo da actuación:		
Localidade:	Concello:	ARI (Ribadeo/Rinlo):

AUTORIZACIÓNS
<p><u>A presentación da solicitude autorizará ao Concello de Ribadeo para:</u></p> <p>1.- Que en calquera momento do expediente e ata o remate do mesmo poida solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería municipal da Seguridade Social e a Consellería competente en materia da Xunta de Galicia e certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite atoparse ao día nas súas obrigas co Concello. No caso de comunidade de propietarios, esta autorización esténdese á autorización individual de cada propietario da súa parte privativa no inmovible afectado.</p> <p>2.- Á consulta dos datos de empadramento tanto do solicitante como das persoas da unidade de convivencia que residan na vivenda. No caso de comunidade de propietarios, esta autorización esténdese á autorización individual de cada propietario da súa parte privativa no inmovible afectado.</p> <p>Non entanto, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.</p> <p><input type="checkbox"/> SÍ AUTORIZO AO CONCELLO DE RIBADEO A SOLICITAR AS CITADAS CERTIFICACIÓNS</p> <p><input type="checkbox"/> NON AUTORIZO AO CONCELLO DE RIBADEO A SOLICITAR AS CITADAS CERTIFICACIONES E ACHEGO A DOCUMENTACION CORRESPONDENTE</p>

De conformidade co disposto na L.O. 15/1999 de Datos de Carácter persoal, informámoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento forman parte dun ficheiro, propiedade de Concello de Ribadeo, cuxa finalidade é atender a xestión solicitada. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na lei, poñéndose en contacto co noso Dpto. de Dereitos ARCO na Dirección: Praza de España 1, 27700 - Ribadeo (Lugo).

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO.

ANEXO I (continuación)

SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA ACTUACIONES NAS AREAS DE REXENERACION E RENOVACION URBANAS DO CASCO HISTORICO DA VILA DE RIBADEO E DO NUCLEO DE RINLO. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. CONVENIOS DO 26/10/2018.

DOCUMENTACION QUE SE PRESENTA

1. Con carácter xeral xunto coa solicitude deberán presentar a seguinte documentación xenérica cotexada:

- **Se o promotor/a é unha persoa física:**
 - Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante, e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.
 - Documentación acreditativa da titularidade do edificio ou vivenda, que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.
 - Ingresos da unidade familiar de todos os propietarios ou herdeiros relativos ao derradeiro período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da presentación da solicitude.
- a) Se o promotor/a é unha persoa xurídica:**
 - CIF da persoa xurídica e DNI do seu representante.
 - Documento acreditativo da constitución da sociedade.
 - Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación.
- **Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios, presentará ademais:**
 - CIF da Comunidade e do seu Presidente.
 - Documento acreditativo da constitución da comunidade.
 - Documento acreditativo da representación coa que se actúe.
 - Xustificación da titularidade do edificio (inscrición no Rexistro da Propiedade).
 - Acta ou certificado da xunta de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.
 - Certificación na que se relacionen todas as persoas integrantes da comunidade, co NIF de cada unha, número de vivendas e locais, referencias catastrais e porcentaxe de participación.

2. ANEXO II:

- Declaración responsable de ter a condición de beneficiario.

3. ANEXO III:

- Declaración responsable das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

4. ANEXO IV:

- Declaración responsable do destino da vivenda.

5. CERTIFICACIONES:

- Certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a administración local, no caso de non autorizar ao Concello de Ribadeo.

6. Documentación das obras e do edificio:

- Proxecto técnico ou memoria.
- Licencia, comunicación previa e/ou autorizacións necesarias para a execución das obras.
- Certificado de eficiencia enerxética no caso de obras de mellora que obteñan unha redución do 25%.
- Copia de tres ofertas diferentes se o importe das obras supera o límite do contrato de obra menor.

7. Outra documentación:

- No caso de xustificar ingresos inferiores a 3 veces o IPREM, ingresos da unidade de convivencia.
- Certificado de discapacidade dos membros da unidade de convivencia.
- Documento que permita a comprobación de ser maior de 65 anos dos membros da unidade de convivencia.
- Outros documentos que, se é o caso, o Concello considere necesarios para ditar resolución.

SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO.

ANEXO II**DECLARACION RESPONSABLE DE TER A CONDICION DE BENEFICIARIO. SUBVENCIONS ARI RIBADEO E RINLO. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. CONVENIOS DO 26/10/2018.****A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

1. O compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida.
2. Que todos os datos da solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da lei xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.
6. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
7. Que cumpro e reúne todos os requisitos e obrigas da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para ter a condición de beneficiario.

SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data.

ANEXO III**DECLARACION RESPONSABLE DOUTRAS SUBVENCIONS. SUBVENCIONS ARI RIBADEO E RINLO. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. CONVENIOS DO 26/10/2018.****A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Quen en relación con outras axudas ou subvencións concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda ou subvención para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.

Si solicitou e / ou se lle concederon outras axudas ou subvencións para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	DISPOSICION REGULADORA	IMPORTE

TOTAL	€
--------------	---

SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data.

ANEXO IV**DECLARACION RESPONSABLE DO DESTINO DA VIVENDA. SUBVENCIONS ARI RIBADEO E RINLO. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. CONVENIOS DO 26/10/2018.**

DATOS DO SOLICITANTE		
Nome:	DNI/CIF:	
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Concello:
Teléfono:	C. electrónico:	

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome:	DNI/CIF:	
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Concello:
Teléfono:	C. electrónico:	

DATOS DO/A EDIFICIO/VIVENDA A REHABILITAR		
Enderezo da actuación:		
Localidade:	Concello:	ARI (Ribadeo/Rinlo):

No caso de optar ás contías da subvención autonómica, declaro baixo a miña responsabilidade que a vivenda obxecto da actuación se vai destinar a:

DOMICILIO HABITUAL E PERMANENTE POR UN PRAZO NON INFERIOR A CINCO ANOS DA PERSOA PROMOTORA

A ALUGAMENTO, CONSTITUINDO O DOMICILIO HABITUAL E PERMANENTE DO INQUILINO POR UN PRAZO NON INFERIOR A CINCO ANOS.

No caso de NON OPTAR ás contías da subvención autonómica, declaro baixo a miña responsabilidade que a vivenda obxecto da actuación se vai destinar a:

OUTRO DESTINO DISTINTO DOS ANTERIORES. (CONCRETAR):

SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data.

ANEXO V

COMUNICADO INICIO DE OBRAS. SUBVENCIONS ARI RIBADEO E RINLO. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. CONVENIOS DO 26/10/2018.

DATOS DO BENEFICIARIO DA SUBVENCION		
Nome:	DNI/CIF:	
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Concello:
Teléfono:	C. electrónico:	

Comunica á Oficina Municipal de Ribadeo que as obras de rehabilitación do/a edificio/vivenda sita en

DATOS DO/A EDIFICIO/VIVENDA A REHABILITAR		
Enderezo da actuación:		
Localidade:	Concello:	ARI (Ribadeo/Rinlo):

darán comezo o día

SINATURA DO BENEFICIARIO OU REPRESENTANTE
Lugar e data.

De conformidade co disposto na L.O. 15/1999 de Datos de Carácter persoal, informámoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento forman parte dun ficheiro, propiedade de Concello de Ribadeo, cuxa finalidade é atender a xestión solicitada. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na lei, poñéndose en contacto co noso Dpto. de Dereitos ARCO na Dirección: Praza de España 1, 27700 - Ribadeo (Lugo).

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO.

ANEXO VI

COMUNICADO REMATE DE OBRAS. SUBVENCIONS ARI RIBADEO E RINLO . PLAN ESTATAL VIVENDA 2018-2021. CONVENIOS DO 26/10/2018.

DATOS DO BENEFICIARIO DA SUBVENCION		
Nome:		DNI/CIF:
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Concello:
Teléfono:		C. electrónico:

Comunica á Oficina Municipal de Ribadeo que as obras de rehabilitación do/a edificio vivenda sita en

DATOS DO/A EDIFICIO/VIVENDA A REHABILITADO/A		
Enderezo da actuación:		
Localidade:	Concello:	ARI (Ribadeo/Rinlo):

remataron o día _____.

Acompáñase a seguinte documentación:

- Facturas das actuacións realizadas e documentos de pago.
- Certificado fin de obra no caso de presentación de proxecto asinado por técnico.

SINATURA DO BENEFICIARIO OU REPRESENTANTE

Lugar e data.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO.”

Poderase consultar tamén o texto íntegro destas Bases Reguladoras nas dependencias municipais e na páxina web www.ribadeo.org

De conformidade co disposto na L.O. 15/1999 de Datos de Carácter persoal, informámoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento forman parte dun ficheiro, propiedade de Concello de Ribadeo, cuxa finalidade é atender a xestión solicitada. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na lei, poñéndose en contacto co noso Dpto. de Dereitos ARCO na Dirección: Praza de España 1, 27700 - Ribadeo (Lugo).

Ribadeo, 30 de xaneiro 2019.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0329

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) XERMADE

Anuncio

CONV. SUBVENCIONES ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS 2019

BDNS (Identif.): 437780

Convocatoria pública de subvencions municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade de interese municipal, ano 2019.

Por Decreto da Alcaldía núm. 32/2019 de data 24 de xaneiro aprobaronse as bases da convocatoria de subvencions que de seguido se transcriben:

“BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES MUNICIPAIS A ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS PARA FOMENTAR UNHA ACTIVIDADE DE INTERESE MUNICIPAL, ANO 2019.

1.- DISPOSICIONES XERAIS.

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencions municipais do Concello de Xermade, para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares do municipio. (Ampárase no título competencial do artigo 25.2 l) e m) da lei 7/85 de 2 de abril de bases do réxime local na redacción dada pol lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da administración local –promoción do deporte e promoción da cultura-).

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencions son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencions.

A concesión das subvencions previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define nas Bases da 44 a 51 de Execución do Orzamento.

2.- OBJETO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIONES.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as actividades seguintes:

2.1- Promoción de actividades culturais: entendéndose por elas actividades tales como celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, eventos musicais, encontros, conferencias, estudos, e, en xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais.

O gasto derivado das subvencions outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase á partida 334.489 do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2019, e quedará limitado polo crédito existente no nivel de vinculación xurídica.

2.2- Promoción de actividades deportivas: Neste apartado foméntanse o deporte escolar, cursos, competicións, campus deportivos, e en xeral, actividades relacionadas coa promoción do deporte.

O gasto derivado das subvencions outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase a partida 334.489 do orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2019, e quedará limitado polo crédito existente no nivel de vinculación xurídica.

O crédito orzamentario destinado a subvencionar actividades reguladas nestas bases ascende a un total de 7.300€ (sete mil trescentos euros).

Serán actividades subvencionables ó abeiro das presentes Bases aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2019.

Non se subvencionarán as actividades numeradas no artigo 19ª da Ordenanza reguladora do outorgamento de subvencions polo Concello de Xermade (BOP nº 45 do 24 de febreiro de 2007), ademais dos seguintes:

Investimentos reais, sendo o obxecto das subvencións reguladas nestas Bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades concretas.

gastos de mantemento ordinario (teléfono, luz, auga, gas...).

os desprazamentos con fins lúdicos ou de espallamento.

Actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, nin as que reciben outro tipo de achega municipal.

Cantidades satisfeita só Concello de Xermade polo uso das súas instalacións deportivas ou culturais.

gastos relacionados con comidas, adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo e tabaco e outros produtos considerados lesivos para a saúde.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

3.- BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes Bases persoas ou entidades públicas ou privadas xuridicamente constituídas así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, que teñan a súa sede social no termo municipal do concello de Xermade e que cumpran as seguintes condicións:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Desenvolver as súas actividades no termo municipal.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Xermade, salvo que se lle concede se excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- d) Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Xermade, coa administración Estatal, autonómica e a Seguridade Social
- e) Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, e concordantes da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios que leven a cabo actividades subvencionables de mais dunha das clases recollidas na Base 2ª, poderán solicitar subvención para cada unha delas.

4.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE.

4.1.- Prazo: As solicitudes deberán presentarse no prazo de un (1) mes a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, podendo consultarse as bases completas na plataforma de Bases de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) e na sede electrónica municipal (<https://concelloxermade.sedelectronica.es>).

4.2.- A tramitación será telemática, en cumprimento do disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Xermade. A presentación producirá plenos efectos xurídicos sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

4.3.- Documentación que se deberá xuntar:

1. Solicitude, segundo modelos normalizados que se facilitará polo Concello, asinada polo presidente da entidade, ou por quen teña conferida a delegación, e acompañada de fotocopia do DNI.
2. Memoria explicativa de todas as actividades que se pretenden levar a cabo, indicando en cada unha delas os seguintes puntos:
 - Duración
 - Lugares
 - Equipamento necesario para a súa realización
 - Persoal que se require para levar a cabo a actividade
 - Orzamento de gastos da actividade (financiamento de fondos propios ou doutros organismos públicos ou privados)
3. Documento que acredite o número de socios, así como número dos mesmos no momento da solicitude.
4. Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento de representante para as relaciónsco Concello.
5. Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.

6. Copia dos Estatutos da entidade, agás que xa os presentasen con anteriormente no Concello. Neste caso, farase constar expresamente na solicitude.

7. Fotocopia do CIF, agás que xa o aportase con anterioridade.

8. Declaración de non ter solicitada nin concedida ningunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.

9. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, autorizando expresamente ó Concello para a comprobación da situación do solicitante respecto das obrigas tributarias e coa seguridade social.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente senmais trámites de non efectuarse a mesma.

5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO.

5.1.- Subvencións para actividades culturais: Cada solicitante poderá obter 20 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- Potencial número de persoas beneficiadas directamente polo conxunto das actividades programadas: 3 puntos como máximo.
- Colaboración co Concello no desenvolvemento das actividades programadas por este : 6 puntos como máximo.
- Nivel de autofinanzamento do programa ou actividade: 3 puntos como máximo.
- Implantación de programas e actividades estables e a súatraxectoria no tempo: 4 puntos como máximo.
- Diversificación na programación e interese xeral das actividades: 4 puntos como máximo

5.2.- Subvencións para actividades deportivas: Cada solicitante poderá obter 20 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de valoración como segue:

- Potencial número de persoas beneficiadas directamente polo conxunto das actividades programadas: 3 puntos como máximo.
- Colaboración co Concello no desenvolvemento das actividades programadas por este: 6 puntos como máximo.
- Nivel de autofinanzamento do programa ou actividade: 3 puntos como máximo.
- Implantación de programas e actividades estables e a súa traxectoria no tempo: 4 puntos como máximo.
- Diversificación na programación e interese xeral das actividades: 4 puntos como máximo.

En base ós criterios anteriormente expostos, o instrutor formulará proposta motivada, que será sometida a informe da Comisión de Valoración.

A proposta do instrutor establecerá, para cada unha das categorías de subvención, e de acordo coa puntuación obtida por cada solicitante, una orde de puntuación. A proposta de concesión de subvencións ós diferentes solicitantes deberá ter carácter proporcional coa puntuación obtida polos solicitantes, de modo que, a maior puntuación, maior será a contía da subvención.

A suma global acadada será tida en conta para a concesión das subvencións do seguinte modo:

- De 20 a 15 puntos, poderase subvencionar ata un 80 % do orzamento.
- De 15 a 10 puntos, ata un 60 %
- De 10 a 5 puntos, ata un 40 %
- De 5 a 0 puntos, ata un 20 %

A contía total da subvención non superará os 1.000 euros por entidade.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade. Este suposto dará lugar a unha modificación da resolución de concesión.

6.- ÓRGANO INSTRUTOR E ÓRGANO COLEXIADO.

6.1.- O órgano instrutor será o técnico local de emprego do Concello de Xermadeou o/a funcionario/ que o substitúa, en caso de ausencia.

6.2.- A Comisión de Valoración de Subvencións procederá a informar proposta de concesión de subvencións formulada polo instrutor, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración de Subvenciónsterá a seguinte composición:

Presidente: o alcalde oupersoa en quen delegue.

Vogais: os concelleiros delegados de cultura e deportes.

Secretaria: o/a secretario-interventor do Concello.

7.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.

Posteriormente á proposta informada pola Comisión de Valoración de Subvencións, a proposta pasará á Intervención Municipal para súa fiscalización.

Informada a proposta pola Intervención, o Alcalde concederá as subvencións mediante resolución na que se especifique a relación de solicitantes ós que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de catro meses contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

O outorgamento das subvencións notificarase ós interesados de acordó co establecido nos artigos 40, 41, 42, 43 e 44 da Lei 39/2015. A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo dun mes.

Tendo en conta que a obtención concorrente de subvencións doutras Entidades públicas ou privadas en ningún caso poderá superar o custo da actividade, de ser así, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión.

8.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO.

Os beneficiarios das subvenciónsterán que aterseásseguintesobrigas:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.

2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, tanta información lles sexa requirida.

3. Facer constar, naquelas actividades subvencionadas, que as mesmascontan con subvención do Concello de Xermade, coa expresión “Colabora Concello de Xermade”.

4. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.

5. Xustificar o gasto realizado como máximo o día 15 de novembro do ano 2019 de acordo có previsto nas presentes Bases.

9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación, que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación no Rexistro de Entrada do Concello, como máximo ata o día 15 de novembro de 2019, do modelo normalizado que se facilitará no Concello, acompañado da seguinte documentación:

1º. Unha memoria das actividades desenvolvidas, acompañada dos documentos que xustifiquen a realización das mesmas (noticias de prensa, fotografías, trípticos, carteis, etc.). No caso de que non fose posible achegar algún destes documentos, xustificarse a súa ausencia.

2º. Certificación do Secretario da entidade, co visto e prace do presidente, no que se indiquen as subvencións concedidas á Entidade para a realización das actividades subvencionadas.

3º. Relación de gastos, acompañada de facturas orixinais ou copias compulsadas, cuxos conceptos definan claramente a actividade realizada, polo importe total da subvención concedida, achegando declaración do beneficiario de ter realizado o fin para o que foi concedida a subvención.

- No caso de prestacións persoais de servizo, acreditación mediante nómina, factura ou calquera outro medio admitido en dereito.

- No caso de gastos de material, subministracións, etc., orixinal ou fotocopia cotexada das facturas (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativas dos gastos realizados. As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:

-Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.

-Desglose do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.

-Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, debendo estar estendidos ó nome da Entidade ou, no seu caso, ó do Presidente da agrupación sen personalidade xurídica.

-Descrición, polo miúdo, do servizo prestado.

-Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de “factura”.

Unicamente serán subvencionables os que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificadas totalmente os gastos realizados.

No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobro total da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades previstas na Lei de Subvencións de Galicia.

10.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

11.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como as Bases 44 a 51 das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2019.”

Xermade, 29 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0330

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2019-0033 DO 29 DE XANEIRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE ELABORACIÓN DE CARETAS DE ANTROIDO DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2019

BDNS (Identif.): 437494

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Requisitos dos participantes.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destes premios calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO).

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de confección de caretas de antroido organizado polo Concello de Xove.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Documentación a presentar e límite de presentación de solicitudes para participar no concurso.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa careta ou caretas a concursar na Biblioteca Municipal con data límite 18 de febreiro de 2019.

Quinto.- Contía dos premios.

Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3, 4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio. Ningún participante poderá optar a máis dun premio, aínda cando tivese presentado máis de unha careta.

Os premios consistirán en lotes de material escolar cunha valoración de 35,00 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. Neste caso, a contía total destinada aos premios poderá repartirse en partes iguais entre os gañadores.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

Xove, 31 de xaneiro de 2019.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 0331

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

COMPETENCIA DE PETICIONES

NOMBRE DEL PETICIONARIO: Club Fluvial de Lugo.

TIPO DE AUTORIZACIÓN: Establecemento de baños o zonas recreativas y deportivas en los cauces públicos.

CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS: Río Miño

COORDENADAS UTM ETRS89 HUSO 29: X= 616700, Y= 4761900

TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS: Lugo (Lugo)

De conformidade con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de UN MES, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 - Lugo), a las DOCE (12) HORAS del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0326